



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 205 · Venres, 5 setembro 2008

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Ordenanza reguladora do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense	2
Bases de selección como persoal laboral temporal dun auxiliar de proxectos de fondo social europeo	7
Bases de selección como persoal laboral interino de cinco legoeiros	10
Bases de selección como persoal laboral interino dun albanel	13
Bases de selección como persoal laboral temporal de dous bombeiros-condutores	16

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Traballo	
Delegación Provincial de Ourense	
Convenio colectivo para a provincia de Ourense de Rematantes, Serradoiros e Preparados Industriais da Madeira 2008-2012	22

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Ordenanza reguladora del servicio del Boletín Oficial de la Provincia de Ourense	4
Bases de selección como personal laboral temporal de un auxiliar de proyectos de fondo social europeo	8
Bases de selección como personal laboral interino de cinco peones	11
Bases de selección como personal laboral interino de un albañil	15
Bases de selección como personal laboral temporal de dos bomberos-condutores	18

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Trabajo	
Delegación Provincial de Ourense	
Convenio colectivo para la provincia de Ourense de Rematantes, Serraderos y Preparados Industriales de la Madera 2008-2012	25



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

A Corporación Provincial, na sesión do día 18 de xullo de 2008, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e estivo exposta ó público segundo anuncio publicado no BOP n.º 169, do 23 de xullo. Unha vez rematado o prazo de presentación de alegacións ou reclamacións sen que se formularan, a modificación da ordenanza enténdese definitivamente aprobada, procedendo a súa publicación íntegra no BOP conforme co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O texto íntegro da ordenanza modificada é o seguinte:

Ordenanza reguladora do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense

Artigo 1. Obxecto.

Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no marco da lexislación básica do Estado e da lexislación complementaria que poida establece-la Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Competencia.

O Boletín Oficial da Provincia de Ourense constitúe un servizo público de competencia provincial, correspondéndolle a súa regulación, xestión, edición, distribución e venda á Deputación Provincial de Ourense.

A xestión do servizo poderá levarse a cabo mediante calquera dos sistemas previstos na lexislación vixente.

Artigo 3. Definición e contido do servizo.

O Boletín Oficial da Provincia de Ourense é o periódico oficial no que se publicarán as disposicións de carácter xeral e ordenanzas, así como os actos, edictos, acordos, notificacións, anuncios e demais resolucións das administracións públicas, da Administración de Xustiza e de particulares cando así se preveña nunha disposición legal ou regulamentaria.

Sen prexuízo do anterior, os anuncios de particulares ou de administracións públicas cunha publicación que non teña carácter obrigatorio ou non se preveña na normativa vixente poderán igualmente ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos recollidos nesta ordenanza, excluíndose, en todo caso, os anuncios de carácter comercial, propagandístico ou análogos.

O Boletín Oficial da Provincia editarase nas dúas seguintes modalidades:

a) Edición electrónica, que se publicará na sede electrónica da Deputación de Ourense.

b) Edición impresa en papel.

A edición electrónica terá carácter oficial e auténtico e producirá os mesmos efectos atribuídos pola lexislación vixente á edición impresa.

A edición impresa en papel reducirase a un exemplar por cada subscritor, así como ó número de exemplares que se consideren necesarios para cubri-la demanda existente, tendéndose, en todo caso, á súa redución ó mínimo necesario. A tirada da edición impresa establecerase por resolución da Presidencia.

Artigo 4. Carácter obrigatorio da subscrición.

A subscrición ó Boletín Oficial da Provincia terá carácter obrigatorio para as entidades locais da provincia de Ourense e deberán aboar esta nos termos establecidos na correspondente Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo.

Artigo 5. Periodicidade.

Salvo casos de forza maior, o Boletín Oficial da Provincia publicarse tódolos días da semana, agás domingos e festivos, debendo coincidi-la data do boletín coa da súa efectiva publicación.

Non obstante o anterior, durante o mes de agosto e durante o período comprendido entre o 23 de decembro e o 7 de xaneiro, ámbolos dous días incluídos, a publicación do boletín poderase limitar a tres días á semana. A dita limitación será acordada, se é o caso, pola Presidencia da Deputación, concretando os días de publicación, debendo ser anunciada no propio boletín antes do 31 de xullo ou do 22 de decembro, respectivamente.

No suposto de que o boletín non se poida publicar por causa de forza maior, a Deputación Provincial de Ourense fará pública esta situación coa maior brevidade posible a través dos medios de comunicación social e ademais o fará constar así no seguinte boletín que se publique.

Artigo 6. Obrigatoriedade da publicación.

1. A Deputación Provincial está obrigada a publicar no boletín os seguintes anuncios:

- Anuncios oficiais, sexa ou non obrigatoria a súa inserción conforme coa lexislación vixente.

- Os anuncios de particulares nos que sexa obrigatoria a súa inserción de acordo coa lexislación vixente.

2. A publicación do resto de anuncios dos particulares supeditarase ás necesidades da xestión do servizo, admitíndose, en todo caso, a publicación de anuncios que se consideren de interese social, como os relativos a campañas benéficas, accións de carácter solidario ou outros análogos.

3. Non se admitirá a inserción no Boletín Oficial da Provincia de anuncios de carácter comercial, propagandístico, mercantil ou análogos.

Artigo 7. Do procedemento de inserción de anuncios.

Para a publicación dos anuncios no boletín establécense dous procedementos alternativos, un de carácter telemático e outro convencional mediante a presentación das solicitudes por escrito, nos termos seguintes:

a) Procedemento de presentación de solicitudes ou ordes de inserción por escrito:

1º.- Os interesados presentarán a súa orde de inserción ou solicitude no Rexistro Xeral de entrada de documentos da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Presidencia da Deputación Provincial poderá establecer, con carácter obrigatorio, o emprego de modelos normalizados de solicitude ou orde de inserción.

Así mesmo, por resolución da Presidencia poderá establecerse como obrigatoria a presentación do texto dos anuncios en soporte informático, ben con carácter xeral ou ben para anuncios dun determinado volume. En tanto non se adopte esta medida a Deputación Provincial procederá de oficio á dixitalización dos anuncios presentados en soporte papel, servizo que producirá a obriga de pagamento dun prezo público por dixitalización, cuxa contía será establecida pola Xunta de Goberno, na que queda delegada esta facultade ó abeiro do disposto no artigo 48.1 da Lei reguladora das facendas locais. A liquidación e pagamento do prezo público farase aplicando as normas de xestión establecidas para a taxa do servizo na ordenanza fiscal correspondente.

Coa solicitude acompañarase a autoliquidación das taxas e prezos públicos correspondentes, agás que o solicitante opte polo sistema de liquidación.

Para poder ser publicado como anuncio urxente, o texto deberá presentarse en castelán e galego e máis soporte informático, no formato que se determine por resolución da Presidencia.

No caso de anuncios de carácter ordinario o texto poderá presentarse en castelán e galego ou ben só nunha das dúas linguas



cooficiais, solicitando a súa tradución por parte da Deputación nos termos recollidos no artigo 9.

No suposto de que non se enviase o texto nas dúas linguas nin se solicitase a súa tradución, requiriráselle ó remitente a reparación da dita deficiencia na solicitude ou orde de inserción, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para o efecto, coa indicación de que, de non levar a cabo a dita reparación, terá-selle por desistido na súa petición, previa resolución da Presidencia que será ditada e notificada de acordo co establecido na lexislación de procedemento administrativo común.

Procederáse do mesmo xeito con aquelas solicitudes ou ordes de inserción que non reúnan tódolos requisitos esixidos nesta ordenanza para a súa publicación.

2º) Unha vez recibida a solicitude ou orde de inserción, o Negociado de Taxas e Prezos Públicos procederá á súa tramitación e comprobará a corrección da autoliquidación ou, se é o caso, formulará a liquidación que corresponda da taxa, de acordo co establecido na correspondente ordenanza fiscal, e do prezo público de tradución, de se-lo caso, e tendo en conta as regras seguintes:

- No suposto de anunciantes que teñan domiciliados os seus pagamentos ou para os que se admita o seu pagamento diferido, así como nos casos de anuncios exentos da taxa para os que non se solicitara a realización da súa tradución polos servizos provinciais, procederáse á execución inmediata da orde de inserción.

- No resto de supostos, a execución da orde de inserción produciráse unha vez realizado o pagamento ou a consignación do importe da liquidación tributaria e do prezo público da tradución, se é o caso.

3º) A orde de execución da orde de inserción, así como a orde de inserción da solicitude, corresponderalle á Presidencia, podendo delegarse a sinatura da dita orde nun membro da Corporación ou funcionario.

4º) A denegación da inserción, se é o caso, acordarase por resolución motivada da Presidencia que será notificada ó interesado, con expresión dos recursos que procedan.

b) Procedemento telemático:

No caso de optarse polo procedemento telemático, os solicitantes formularán a súa solicitude na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, empregando o formulario electrónico que se estableza.

Para estes efectos teranse en conta as seguintes regras:

- A autenticación da solicitude poderá realizarse a través dos sistemas de sinatura electrónica legalmente admitidos en España, admitíndose, en todo caso, os sistemas de sinatura electrónica incorporados ó documento nacional de identidade para as persoas físicas. Co fin de facilita-lo emprego deste procedemento, a Deputación poderá establecer sistemas de sinatura electrónica mediante a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ámbalas dúas partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

- Créase un rexistro electrónico de solicitudes e ordes de inserción no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 11/2007, do 22 de xuño. A Presidencia será o órgano responsable da súa xestión, sen prexuízo da posibilidade da súa delegación, conforme coa normativa vixente. A data e hora oficial serán as oficiais en España e figurarán de xeito visible. No rexistro indicaranse os días inhábiles, para os efectos de cómputo dos prazos legais.

- Para o pagamento dos anuncios empregaranse os medios que estableza unha resolución da Presidencia de entre os admitidos no comercio electrónico.

- A solicitude telemática farase sempre en réxime de autoliquidación. O sistema validará a dita autoliquidación de xeito automático.

- Os interesados deberán achegar, como arquivo adxunto, o texto do anuncio.

- O sistema indicará, sempre que sexa tecnicamente posible, as posibles deficiencias das solicitudes, informando ós interesados da necesidade de proceder á súa corrección para iniciar a súa tramitación.

- Unha vez completada a solicitude e realizado o seu pagamento, procederáse de xeito inmediato a cubri-la correspondente orde de inserción do anuncio no BOP. Procederáse de igual xeito no caso de solicitantes que teñan os seus pagos domiciliados nunha entidade de crédito.

- As notificacións ós interesados poderanse practicar electronicamente nos supostos en que os interesados o sinalasen como medio preferente ou consentisen a súa utilización.

En todo o non previsto neste apartado aplicaranse as mesmas regras establecidas para o procedemento de presentación de solicitudes por escrito, coas adaptacións que, se é o caso, sexan necesarias.

Artigo 8. Lingua de publicación

O Boletín Oficial da Provincia de Ourense publicarase en castelán e galego, podendo realizarse a dita publicación mediante a edición dun exemplar bilingüe ou de exemplares en cada unha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma.

En todo caso, os anuncios cun contido que consista en listados ou relacións de persoas ou bens poderán ser obxecto de publicación mediante un único exemplar, no que se recollerá o encabezamento ou o texto do anuncio nas dúas linguas oficiais, e un único listado ou relación de persoas ou bens.

Artigo 9. Tradución de orixinais.

Os anuncios deberán ser remitidos polos interesados en galego e castelán.

Alternativamente, cando os interesados o soliciten e sempre que se trate de anuncios de tramitación ordinaria, a Deputación Provincial realizará a tradución dos textos, o que dará lugar á aplicación do prezo público correspondente, cunha contía que será establecida pola Xunta de Goberno, na que queda delegada esta facultade ó abeiro do disposto no artigo 48.1 da Lei reguladora das facendas locais. A liquidación e pagamento do prezo público farase aplicando as normas de xestión establecidas para a taxa do servizo na ordenanza fiscal correspondente.

Artigo 10. Publicación dos orixinais.

1. Os orixinais serán transcritos na mesma forma en que se atopen redactados e autorizados polo órgano ou persoa remitente, sen que por ningunha causa se poidan variar ou modificar os seus textos, unha vez tivesen entrada no Boletín Oficial, salvo que o remitente o autorice expresa e fidedignamente.

Non obstante o anterior, a autorización do remitente presumirase, salvo expresa manifestación en contrario, para a corrección, por parte dos servizos provinciais, dos erros ortográficos ou gramaticais existentes nos textos remitidos.

2. A publicación dos orixinais realizarase por orden cronolóxica de presentación, que só poderá alterarse no caso de publicacións declaradas urxentes polo órgano remitente da orde de inserción, ou cando así se esixa polo volume do texto para publicar, respectándose, en todo caso, os prazos máximos legalmente establecidos, que serán de 15 días hábiles para os



anuncios ordinarios e 6 días hábiles para os urxentes, contados en ámbolos dous casos dende a data de entrada no rexistro da Deputación ou no rexistro electrónico do Boletín Oficial da Provincia da solicitude coa documentación completa, no suposto de anuncios exentos non gravados polo prezo público de tradución ou anunciantes con pagamento domiciliado e diferido, e dende a data de pagamento da taxa e do prezo público aplicables, no resto de casos. Para o cómputo dos prazos nas solicitudes telemáticas aplicaranse as regras establecidas no artigo 26 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

3. Os orixinais remitidos ó Boletín Oficial da Provincia terán carácter reservado. Non poderá facilitarse información ningunha acerca destes, salvo autorización expresa do órgano remitente.

4. Se algún texto aparece publicado con erratas que alteren ou modifiquen o seu contido, reproducirase inmediatamente na súa totalidade ou na parte necesaria, coas debidas correccións.

Artigo 11. Autenticación de documentos.

Co fin de comproba-la autenticidade dos documentos, os servizos correspondentes da Deputación Provincial de Ourense levarán un rexistro das autoridades e funcionarios facultados para asina-la solicitude de inserción dos orixinais destinados á súa publicación, no que constará a sinatura autógrafa e o nome e cargo da persoa ó que pertenza.

Para estes efectos, os órganos correspondentes das administracións públicas e da Administración de Xustiza acreditarán ante a Deputación Provincial, segundo a súa normativa específica, ás persoas facultadas para ordena-la inserción, así como as modificacións que se produzan.

Non serán obxecto de publicación aqueles anuncios oficiais cunha autenticidade que non conste nos termos sinalados neste artigo.

A autenticación dos documentos electrónicos realizarase por calquera dos medios de sinatura electrónica admitidos no Dereito español, conforme co establecido no artigo 7.b) desta ordenanza.

Artigo 12. Consulta do boletín.

A Deputación Provincial facilitará nos seus locais a consulta pública e gratuíta do Boletín Oficial da Provincia. Esta obriga será extensiva ós concellos da provincia.

A Deputación Provincial garantirá ademais a consulta pública e gratuíta do boletín na súa sede electrónica, posibilitando a descarga e impresión dos anuncios.

Disposición adicional.

As cuestións relativas ó réxime tributario do servizo do Boletín Oficial da Provincia serán obxecto de regulación mediante a correspondente ordenanza fiscal.

Disposición final.

Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

Ourense, 1 de setembro de 2008. O presidente.

Asdo.: José Luis Baltar Pumar.

La Corporación Provincial, en sesión del día 18 de julio de 2008, aprobó inicialmente la modificación de la Ordenanza reguladora del servicio del Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y estuvo expuesta al público según anuncio publicado en el BOP n.º 169, de 23 de julio. Una vez finalizado el plazo de presentación de alegaciones o reclamaciones sin que se formularan, la modificación de la ordenanza se entiende definitivamente

aprobada, procediendo a su publicación íntegra en el BOP conforme con lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril.

El texto íntegro de la ordenanza modificada es el siguiente:

Ordenanza reguladora del servicio del Boletín Oficial de la Provincia de Ourense

Artículo 1. Objeto.

Constituye el objeto de la presente Ordenanza la regulación del servicio del Boletín Oficial da Provincia de Ourense, en el marco de la legislación básica del Estado y de la legislación complementaria que pueda establecer la Comunidad Autónoma de Galicia.

Artículo 2. Competencia.

El Boletín Oficial de la Provincia de Ourense constituye un servicio público de competencia provincial, correspondiendo su regulación, gestión, edición, distribución y venta a la Diputación Provincial de Ourense.

La gestión del servicio podrá llevarse a cabo mediante cualquiera de los sistemas previstos en la legislación vigente.

Artículo 3. Definición y contenido del servicio.

El Boletín Oficial de la Provincia de Ourense es el periódico oficial en el que se publicarán las disposiciones de carácter general y ordenanzas, así como los actos, edictos, acuerdos, notificaciones, anuncios y demás resoluciones de las administraciones públicas, de la Administración de Justicia y de particulares cuando así se prevea en una disposición legal o reglamentaria.

Sin perjuicio de lo anterior, los anuncios de particulares o de administraciones públicas con una publicación que no tenga carácter obligatorio o no se prevea en la normativa vigente podrán igualmente ser objeto de publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, en los términos recogidos en la presente ordenanza, excluyéndose, en todo caso, los anuncios de carácter comercial, propagandístico o análogos.

El Boletín Oficial de la Provincia se editará en las siguientes dos modalidades:

a) Edición electrónica, que se publicará en la sede electrónica de la Diputación de Ourense.

b) Edición impresa en papel.

La edición electrónica tendrá carácter oficial y auténtico, y producirá los mismos efectos atribuidos por la legislación vigente a la edición impresa.

La edición impresa en papel se reducirá a un ejemplar por cada suscriptor, así como al número de ejemplares que se consideren necesarios para cubrir la demanda existente, tendiéndose, en todo caso, a su reducción al mínimo necesario. La tirada de la edición impresa se establecerá por resolución de la Presidencia.

Artículo 4. Carácter obligatorio de la suscripción.

La suscripción al Boletín Oficial de la Provincia tendrá carácter obligatorio para las entidades locales de la provincia de Ourense que deberán abonar ésta en los términos establecidos en la correspondiente Ordenanza fiscal reguladora de las tasas de servicio.

Artículo 5. Periodicidad.

Salvo casos de fuerza mayor, el Boletín Oficial de la Provincia se publicará todos los días de la semana, excepto domingos y festivos, debiendo coincidir la fecha del boletín con la de su efectiva publicación.

No obstante lo anterior, durante el mes de agosto y durante el período comprendido entre el 23 de diciembre y el 7 de enero, ambos días incluidos, la publicación del boletín se podrá limitar a tres días a la semana. Dicha limitación será



acordada, en su caso, por la Presidencia de la Diputación, concretando los días de publicación, debiendo ser anunciada en el propio boletín antes del 31 de julio o del 22 de diciembre, respectivamente.

En el supuesto en que el boletín no se pueda publicar por causa de fuerza mayor, la Diputación Provincial de Ourense hará pública esta situación con la mayor brevedad posible a través de los medios de comunicación social, y además lo hará constar así en el siguiente boletín que se publique.

Artículo 6. Obligatoriedad de la publicación.

1. La Diputación Provincial está obligada a publicar en el boletín los siguientes anuncios:

- Anuncios oficiales, sea o no obligatoria su inserción conforme a la legislación vigente.
- Los anuncios de particulares en los que sea obligatoria su inserción de acuerdo con la legislación vigente.

2. La publicación del resto de anuncios de los particulares se supeditará a las necesidades de la gestión del servicio, admitiéndose, en todo caso, la publicación de anuncios que se consideren de interés social, como los relativos a campañas benéficas, acciones de carácter solidario u otros análogos.

3. No se admitirá la inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de anuncios de carácter comercial, propagandístico, mercantil o análogos.

Artículo 7. Del procedimiento de inserción de anuncios.

Para la publicación de los anuncios en el boletín se establecen dos procedimientos alternativos, uno de carácter telemático y otro convencional mediante la presentación de las solicitudes por escrito, en los términos siguientes:

a) Procedimiento de presentación de solicitudes u órdenes de inserción por escrito:

1º.- Los interesados presentarán su orden de inserción o solicitud en el Registro General de entrada de documentos de la Diputación Provincial o en cualquiera de los lugares establecidos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre.

La Presidencia de la Diputación Provincial podrá establecer, con carácter obligatorio, el empleo de modelos normalizados de solicitud u orden de inserción.

Asimismo, por resolución de la Presidencia podrá establecerse como obligatoria la presentación del texto de los anuncios en soporte informático, bien con carácter general o bien para anuncios de un determinado volumen. En tanto no se adopte esta medida, la Diputación Provincial procederá de oficio a la digitalización de los anuncios presentados en soporte papel, servicio que devengará la obligación de pago de un precio público por digitalización, cuya cuantía será establecida por la Junta de Gobierno, en la que queda delegada esta facultad al amparo de lo dispuesto en el artículo 48.1 de la Ley reguladora de las haciendas locales. La liquidación y pago del precio público se hará aplicando las normas de gestión establecidas para la tasa del servicio en la ordenanza fiscal correspondiente.

Con la solicitud se acompañará la autoliquidación de las tasas y precios públicos correspondientes, excepto que el solicitante opte por el sistema de liquidación.

Para poder ser publicado como anuncio urgente, el texto deberá presentarse en castellano y gallego y en soporte informático, en el formato que se determine por resolución de la Presidencia.

En caso de anuncios de carácter ordinario el texto podrá presentarse en castellano y gallego o bien sólo en una de las dos

lenguas cooficiales, solicitando su traducción por parte de la Diputación, en los términos recogidos en el artículo 9.

En el supuesto de que no se enviase el texto en las dos lenguas ni se solicitase su traducción se requerirá al remitente la reparación de dicha deficiencia en la solicitud u orden de inserción, concediéndole un plazo de diez días hábiles para el efecto, con la indicación de que, de no llevar a cabo dicha reparación, se tendrá por desistido en su petición, previa resolución de la Presidencia que será dictada y notificada de acuerdo con lo establecido en la legislación de procedimiento administrativo común.

Se procederá de la misma forma con aquellas solicitudes u órdenes de inserción que no reúnan todos los requisitos exigidos en la presente ordenanza para su publicación.

2º) Una vez recibida la solicitud u orden de inserción se procederá a su tramitación por el Negociado de Tasas y Precios Públicos, que procederá a comprobar la corrección de la autoliquidación o, en su caso, formulará la liquidación que corresponda de la tasa, de acuerdo con lo establecido en la correspondiente ordenanza fiscal y del precio público de traducción, en su caso, y teniendo en cuenta las reglas siguientes:

- En el supuesto de anunciantes que tengan domiciliados sus pagos o para los que se admita su pago diferido, así como en los casos de anuncios exentos de la tasa para los que no se solicitara la realización de su traducción por los servicios provinciales, se procederá a la ejecución inmediata de la orden de inserción.

- En el resto de supuestos, la ejecución de la orden de inserción se producirá una vez realizado el pago o la consignación del importe de la liquidación tributaria y del precio público de la traducción, en su caso.

3º) La orden de ejecución de la orden de inserción, así como la orden de inserción de la solicitud, corresponderá a la Presidencia, pudiendo delegarse la firma de dicha orden en un miembro de la Corporación o funcionario.

4º) La denegación de la inserción, en su caso, se acordará por resolución motivada de la Presidencia, que será notificada al interesado, con expresión de los recursos que procedan.

b) Procedimiento telemático:

En caso de optarse por el procedimiento telemático, los solicitantes formularán su solicitud en la sede electrónica de la Diputación Provincial de Ourense, empleando el formulario electrónico que se establezca.

Para estos efectos se tendrán en cuenta las siguientes reglas:

- La autenticación de la solicitud podrá realizarse a través de los sistemas de firma electrónica legalmente admitidos en España, admitiéndose, en todo caso, los sistemas de firma electrónica incorporados al documento nacional de identidad para las personas físicas. A fin de facilitar el empleo de este procedimiento, la Diputación podrá establecer sistemas de firma electrónica mediante la utilización de claves concertadas en un registro previo como usuario, la aportación de información conocida por ambas partes u otros sistemas no criptográficos, en los términos y condiciones que en cada caso se determinen.

- Se crea un registro electrónico de solicitudes y órdenes de inserción en el Boletín Oficial de la Provincia, de conformidad con lo establecido en el artículo 25 de la Ley 11/2007, de 22 de junio. La Presidencia será el órgano responsable de su gestión, sin perjuicio de la posibilidad de su delegación, conforme con la normativa vigente. La fecha y hora oficial serán las ofi-



ciales en España, y figurarán de forma visible. En el registro se indicarán los días inhábiles para los efectos del cómputo de los plazos legales.

- Para el pago de los anuncios se emplearán los medios que establezca una resolución de la Presidencia de entre los admitidos en el comercio electrónico.

- La solicitud telemática se hará siempre en régimen de auto-liquidación. El sistema validará dicha autoliquidación de forma automática.

- Los interesados deberán acompañar, como archivo adjunto, el texto del anuncio.

- El sistema indicará, siempre que sea técnicamente posible, las posibles deficiencias de las solicitudes, informando a los interesados de la necesidad de proceder a su corrección para iniciar su tramitación.

- Una vez completada la solicitud y realizado su pago se procederá de forma inmediata a la ejecución de la correspondiente orden de inserción del anuncio en el BOP. Se procederá de igual forma en el caso de solicitantes que tengan sus pagos domiciliados en una entidad de crédito.

- Las notificaciones a los interesados se podrán practicar electrónicamente en los supuestos en que los interesados lo señalen como medio preferente o consintiesen su utilización.

En todo lo no previsto en este apartado se aplicarán las mismas reglas establecidas para el procedimiento de presentación de solicitudes por escrito, con las adaptaciones que, en su caso, sean necesarias.

Artículo 8. Lengua de publicación.

El Boletín Oficial de la Provincia de Ourense se publicará en castellano y gallego, pudiendo realizarse dicha publicación mediante la edición de un ejemplar bilingüe o de ejemplares en cada una de las lenguas oficiales en la Comunidad Autónoma.

En todo caso, los anuncios con un contenido que consista en listados o relaciones de personas o bienes podrán ser objeto de publicación mediante un único ejemplar en el que se recogerá el encabezamiento o el texto del anuncio en las dos lenguas oficiales y un único listado o relación de personas o bienes.

Artículo 9. Traducción de originales.

Los anuncios deberán ser remitidos por los interesados en gallego y castellano.

Alternativamente, cuando los interesados lo soliciten y siempre que se trate de anuncios de tramitación ordinaria, la Diputación Provincial realizará la traducción de los textos, lo que dará lugar al devengo del precio público correspondiente, con una cuantía que será establecida por la Junta de Gobierno, en la que queda delegada esta facultad al amparo de lo dispuesto en el artículo 48.1 de la Ley reguladora de las haciendas locales. La liquidación y pago del precio público se hará aplicando las normas de gestión establecidas para la tasa del servicio en la Ordenanza fiscal correspondiente.

Artículo 10. Publicación de los originales.

1. Los originales serán transcritos en la misma forma en que se encuentren redactados y autorizados por el órgano o persona remitente, sin que por ninguna causa se puedan variar o modificar sus textos, una vez tuviesen entrada en el Boletín Oficial, salvo que el remitente lo autorice expresa y fidedignamente.

No obstante lo anterior, la autorización del remitente se presumirá, salvo expresa manifestación en contrario, para la corrección, por parte de los servicios provinciales, de los errores ortográficos o gramaticales existentes en los textos remitidos.

2. La publicación de los originales se realizará por orden cronológico de presentación, que sólo podrá alterarse en el caso

de publicaciones declaradas urgentes por el órgano remitente de la orden de inserción o cuando así se exija por el volumen del texto para publicar, respectándose, en todo caso, los plazos máximos legalmente establecidos, que serán de 15 días hábiles para los anuncios ordinarios y 6 días hábiles para los urgentes, computados en ambos casos desde la fecha de entrada en el Registro de la Diputación o en el registro electrónico del Boletín Oficial de la Provincia de la solicitud con la documentación completa, en el supuesto de anuncios exentos no gravados por el precio público de traducción o anunciantes con pago domiciliado y diferido, y desde la fecha de pago de la tasa y del precio público aplicables, en el resto de casos. Para el cómputo de los plazos en las solicitudes telemáticas se aplicarán las reglas establecidas en el artículo 26 de la Ley 11/2007, de 22 de junio.

3. Los originales remitidos al Boletín Oficial de la Provincia tendrán carácter reservado. No podrá facilitarse información ninguna acerca de estos, salvo autorización expresa del órgano remitente.

4. Si algún texto aparece publicado con erratas que alteren o modifiquen su contenido se reproducirá inmediatamente en su totalidad o en la parte necesaria con las debidas correcciones.

Artículo 11. Autenticación de documentos.

A fin de comprobar la autenticidad de los documentos, los servicios correspondientes de la Diputación Provincial de Ourense llevarán un registro de las autoridades y funcionarios facultados para firmar la solicitud de inserción de los originales destinados a su publicación, en el que constará la firma autógrafa y el nombre y cargo de la persona a la que pertenezca.

Para estos efectos, los órganos correspondientes de las administraciones públicas y de la Administración de Justicia acreditarán ante la Diputación Provincial, según su normativa específica, a las personas facultadas para ordenar la inserción, así como las modificaciones que se produzcan.

No serán objeto de publicación aquellos anuncios oficiales con una autenticidad que no conste en los términos señalados en el presente artículo.

La autenticación de los documentos electrónicos se realizará por cualquiera de los medios de firma electrónica admitidos en el Derecho español, conforme con lo establecido en el artículo 7.b) de la presente ordenanza.

Artículo 12. Consulta del boletín.

La Diputación Provincial facilitará en sus locales la consulta pública y gratuita del Boletín Oficial de la Provincia. Esta obligación será extensiva a los ayuntamientos de la provincia.

La Diputación Provincial garantizará además la consulta pública y gratuita del boletín en su sede electrónica, posibilitando la descarga e impresión de los anuncios.

Disposición adicional.

Las cuestiones relativas al régimen tributario del servicio del Boletín Oficial de la Provincia serán objeto de regulación mediante la correspondiente ordenanza fiscal.

Disposición final.

La presente ordenanza entrará en vigor al día siguiente de la publicación de su texto íntegro en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, y siempre y cuando transcurriesen los plazos establecidos en el artículo 70.2, en relación con el 65.2 de la Ley reguladora de las bases de régimen local.

Ourense, 1 de septiembre de 2008. El presidente.

Fdo.: José Luis Baltar Pumar.



Deputación Provincial de Ourense

Bases de selección como persoal laboral temporal dun auxiliar de proxectos do Fondo Social Europeo.

Base primeira.-

De conformidade co disposto na Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, aprobada na sesión plenaria do 19 de decembro de 2003 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 8 de xaneiro de 2004, é obxecto destas bases a selección, como persoal laboral temporal, dun auxiliar de proxectos do Fondo Social Europeo. O procedemento de contratación temporal será o procedemento ordinario previsto na ordenanza.

Base segunda.-

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade.- Te-la nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder-los nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplícanse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder-la idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación.- Estar en posesión do título de Graduado Escolar, de Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarase, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Así mesmo estar en posesión do título que acredite o grao de iniciación no idioma galego ou CELGA 3.

d) Capacidade funcional.- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

Base terceira.-

1. As instancias nas que se solicita participar na convocatoria, nas que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiráselle ó Ilmo. Sr. Presidente e presentaranse no rexistro xeral da Deputación.

2. O prazo será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa instancia acompañarase unha copia cotexada do DNI e os documentos acreditativos dos méritos a que fai referencia a fase de concurso.

Base cuarta.-

1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente ditará resolución no prazo máximo de cinco días naturais, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos da deputación, indícarase a causa da exclusión, concedendo un prazo de dez días para corrixi-los erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, convocarase -mediante anuncio no taboleiro e comunicación telefónica ou mediante correo electrónico ós afectados, á súa elección,- a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados.

Base quinta.-

O procedemento de selección será, de conformidade co previsto no artigo 5.2 a) da Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ó servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso. Ademais, e con carácter previo á valoración do concurso, realizarase unha proba práctica relacionada cos contidos propios da praza. Para a avaliación desta proba práctica constituirase un tribunal específico de selección, que será designado por Resolución desta Presidencia, e a súa composición será a determinada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, tendo en conta o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes así como na lexislación concordante.

Base sexta.-

1. A proba práctica consistirá na realización dun exercicio relacionado cos cometidos propios da praza. O tempo de desenvolvemento será dunha hora. A valoración será de apto ou non apto.

2. As funcións da praza serán as seguintes:

- Cubri-la documentación normalizada para a presentación de certificacións do gasto ante o Ministerio de Administracións Públicas.

- Localización e comprobación trimestral, semestral e anual dos indicadores de seguimento do proxecto.

- Control de facturación e comprobación da elixibilidade dos gastos efectuados. Sistematización nos apartados contables establecidos para o proxecto.

Base sétima.-

1. Unha vez realizada a proba práctica e determinados os aspirantes aptos para pasar á fase de concurso, a comisión de control e seguimento procederá a valora-la devandita fase de acordo co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na Deputación Provincial de Ourense na mesma categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción (acreditarase mediante certificación expedida pola Secretaría Xeral da Deputación).

b) Polos servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría profesional: 0,10 puntos por mes ou fracción (acreditarase mediante certificación expedida pola administración correspondente).

c) Polos servizos prestados en empresas do sector privado na mesma categoría profesional: 0,07 puntos por mes ou fracción (acreditarase mediante informe de vida laboral expedido pola



Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante orixinal ou copia cotexada dos contratos de traballo).

d) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionados coas funcións para desenvolver:

Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

(Acreditarase mediante copia cotexada do diploma ou certificado do curso correspondente).

e) Por cada membro da unidade familiar a cargo do solicitante que non dispoña de rendas ou ingresos, ou estes sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional: 0,5 puntos (o que se entenderá segundo as normas do IRPF e será acreditado coa declaración da renda do último período impositivo ou documento de valor análogo).

f) Por cada mes en situación de desemprego 0,10 puntos, computándose unicamente o tempo transcorrido nesta situación nos dous anos anteriores ó día 1 de xaneiro do ano no que se produza a convocatoria para a formación das listas (o que se acreditará mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social).

2. Para a aplicación do devandito baremo observaranse as regras previstas no artigo 6.4 da Ordenanza reguladora de contratación de persoal laboral temporal.

3. Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

4. Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Base oitava.-

1. Terminada a fase de valoración do concurso a comisión de control e seguimento publicará no taboleiro de edictos da Deputación o aspirante proposto e elevará a dita proposta ó Presidente da Deputación, para que formule o nomeamento pertinente.

2. O aspirante proposto presentará, dentro do prazo de cinco días naturais desde que se fai pública a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para participar neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función para desempeñar.
